

## **RESOLUCIÓN Expte. RA-33/2010: RECEITA ELECTRÓNICA**

### **Pleno**

Sres.:

D. Francisco Hernández Rodríguez, Presidente

D. Fernando Varela Carid, Vogal

D. Alfonso Vez Pazos, Vogal

En Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2010.

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia, coa composición indicada máis arriba, ditou a seguinte Resolución no Expediente RA-33/2010, “Receita electrónica ” (Expediente 12/2009, do Servizo Galego de Defensa da Competencia, en adiante SGDC), tras examinar a proposta de non incoación de procedemento e arquivo de actuacións efectuada polo SGDC segundo escrito de 17 de xuño de 2010.

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

- 1.- O 15 de decembro de 2009, o SGDC recibiu un escrito de denuncia contra os colexios farmacéuticos da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra por presuntas prácticas contrarias á Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC) suscitadas en relación coa implantación do modelo de receita electrónica en Galicia. A denunciante solicitou expresamente o tratamento confidencial da súa identidade, polo que o SGDC, en aplicación do disposto no artigo 42 da LDC, ordenou que se mantivera ese dato como segredo.

- 2.- Á vista da denuncia, e ao efecto de avaliar se procedía ou non a apertura dun expediente sancionador, o SGDC acordou realizar un procedemento de información reservada de acordo co disposto no artigo 49.2 da LDC. Ese procedemento de información reservada consistiu no envío dun escrito de solicitude de información sobre diversos aspectos relevantes para a análise dos feitos denunciados aos catro colexios oficiais de farmacéuticos mencionados no punto anterior e a continuación, á vista das alegacións presentadas por eses colexios, dirixiu unha petición de informe á Subdirección Xeral de Farmacia, da Dirección de Asistencia Sanitaria do SERGAS.
- 3.- Unha vez analizadas as respostas dos colexios de farmacéuticos das catro provincias galegas e do informe da Subdirección Xeral de Farmacia, o SGDC chegou á conclusión de que a conduta denunciada non presenta indicios de acordos colusorios prohibidos polo artigo 1 da LDC e nin de abuso de posición de dominio segundo o indicado no artigo 2 da LDC. De xeito coherente con esta conclusión e en aplicación do disposto no artigo 49.3 LDC, o SGDC remitiu a este Tribunal o 17 de xuño de 2010 escrito de proposta de non incoación de expediente sancionador con arquivo das actuacións realizadas ata ese momento.
- 4.- O 25 de xuño de 2010, o Pleno do Tribunal admitiu a trámite este asunto. Son interesados:
- A denunciante,
  - O Colexio Oficial de Farmacéuticos de A Coruña,
  - O Colexio Oficial de Farmacéuticos de Lugo,
  - O Colexio Oficial de Farmacéuticos de Ourense,
  - O Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra,
  - A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, e
  - O Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

5.-O 29 de setembro de 2010, o Pleno do Tribunal deliberou e pronunciouse sobre este asunto.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**PRIMEIRO.-** A presente Resolución dítase ao abeiro da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia. O artigo 13 da devandita Lei establece que os órganos das Comunidades Autónomas competentes para a súa aplicación, no noso caso o SGDC e este Tribunal, exercerán no seu territorio as competencias executivas correspondentes nos procedementos que teñan por obxecto as condutas previstas nos seus artigos 1, 2 e 3 de acordo co disposto na Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de defensa da competencia.

O apartado 3 do artigo 49 da LDC establece que o Tribunal, a proposta do Servizo, poderá acordar non incoar os procedementos derivados da presunta realización de condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da LDC e ordenar o arquivo de actuacións cando considere que non hai indicios de infracción. Corresponde a este Tribunal, por tanto, neste caso, analizar a proposta efectuada polo SGDC para ver se procede aceptala e, en consecuencia, archivar as actuacións desenvolvidas ata agora, ou, polo contrario, se procede rexeitar esa proposta por se apreciar indicios de infracción das normas de competencia.

Esa capacidade para decidir sobre a non incoación e o arquivo de expedientes implica necesariamente a capacidade para determinar se un expediente debe ser obxecto dunha análise máis detida e, no caso de se apreciaren polo Tribunal indicios de infracción, instar ao Servizo a que incoe o procedemento sancionador correspondente, segundo sinala o artigo 27.2 do Regulamento de Defensa da Competencia, aprobado polo Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro.

**SEGUNDO.-** O presente procedemento iniciouse por denuncia de parte contra os colexios farmacéuticos da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra por presuntas prácticas contrarias á LDC suscitadas en relación coa implantación do modelo de receita electrónica en Galicia.

Respecto ao sistema de receita electrónica en Galicia, o SGDC informa textualmente o seguinte no seu escrito de proposta de arquivo de 17 de xuño de 2010:

*“A receita electrónica é o documento a través do que un profesional sanitario facultado para elo prescribe informaticamente a pacientes con dereito á prestación farmacéutica medicamentos e produtos sanitarios, para a súa dispensación en oficinas de farmacia. A prescripción médica envíase telematicamente e queda almacenada nun servidor específico do Sergas. A el accédese posteriormente de forma telemática dende o punto de dispensación (farmacia) para a entrega do medicamento ao paciente e a súa facturación.*

*En exercicio das competencias que ten atribuídas a Consellería no desenvolvemento e coordinación da política autonómica na ordenación da prestación farmacéutica e na execución da lexislación do Estado sobre produtos farmacéuticos e sanitarios, o 3 de agosto de 2008, a Consellería de Sanidade, o Sergas e os catro colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia subscribiron un “Protocolo de actuación”, co obxecto de establece-las regras e principios sobre os que cada parte desenvolverá a súa actividade para a posta en marcha da receita electrónica. En cumprimento deste protocolo, os colexios comprometéronse a facilitar ás oficinas de farmacia unha rede de comunicacións para a dispensación do medicamento ou produto sanitario obxecto da receita electrónica. Os colexios comprometíanse a establecer unha plataforma tecnolóxica que interactuase entre as farmacias e o servidor do*

*Sergas para a dispensación electrónica e que debía cumprir-los requisitos de seguridade, calidade do servizo e dispoñibilidade.*

*Tamén debían propoñe-la infraestrutura que se implementaría nas oficinas de farmacia para conecta-lo software destas co Sergas, a través da plataforma tecnolóxica dos colexios. Finalmente, debían garantir que a información circulara sempre encriptada e que se cumprira estritamente a normativa de protección de datos.*

*A solución tecnolóxica pola que optaron os colexios quedaba sometida ao visto e prace previo da Comisión de Seguimento, constituída por catro representantes da Consellería/Sergas e un máis por cada colexio, así como á supervisión constante da Consellería e do Sergas, que poden realizar auditorías en calquera momento para comprobar o nivel do servizo prestado.*

*Os principios deste protocolo foron recollidos no Decreto 206/2008, do 28 de agosto, de receita electrónica, así como no “Concerto para a prestación farmacéutica polas oficinas de farmacia” suscrito polo Sergas cos colexios provinciais. A posibilidade de dispensación electrónica de medicamentos por unha farmacia esixe a homologación previa desta, tras acreditar que cumpre certos requisitos: a dispoñibilidade de equipamento informático axeitado e non conectado a ningunha outra rede de internet distinta á rede colexial e que o aplicativo de xestión da farmacia instalado no devandito equipamento informático estea homologado, o que dependerá do cumprimento de certos requisitos técnicos e funcionais establecidos pola Comisión Autónoma Central, composta por representantes do Sergas e dos colexios.*

*A dispensación de receitas electrónicas nas oficinas de farmacia non conectadas ao sistema de receita electrónica pode realizarse dende o colexio farmacéutico correspondente por persoal acreditado.”*

**TERCEIRO.-** A alínea 2 do artigo 49 da LDC sinala que ante a noticia da posible existencia dunha infracción, o Servizo poderá realizar unha información reservada para determinar con carácter preliminar se concorren as circunstancias que xustifiquen a incoación dun expediente sancionador. Neste caso, o Servizo requiriu dos colexios farmacéuticos denunciados información sobre os catro aspectos relacionados coa implantación da receita electrónica que se expoñen a continuación. Deses catro, a denuncia céntrase de modo particular nos dous últimos.

- Sinatura dun contrato coa empresa de telefonía R como encargada de proporcionar a infraestrutura de comunicación das oficinas de farmacia.

- Creación dunha rede colexial privada con tecnoloxía MPLS, na que a información viaxa cifrada con IPsec.

- Acceso limitado desde a intranet profesional creada entre as oficinas de farmacia e os colexios de farmacéuticos a páxinas web que os propios colexios consideran seguras e non a outras. Isto supón que non se poida acceder a determinadas páxinas web de empresas que subministran produtos de parafarmacia e impide que funcionen as súas contas de correo.

- O establecemento do principio de que “ningún ordenador conectado á rede colexial poderá estar conectado a outra rede”, sendo opcional que as oficinas de farmacia poidan ter outros ordenadores conectados a outras redes. Isto implica restricións a determinadas aplicacións dos programas informáticos de xestión das oficinas de farmacia, tales como a multialmacén, o posto remoto e a aplicación relativa a grupos, así como ás aplicacións de terceiros provedores, como é o caso da de Farmatic grupos.

Unha vez recibida a resposta dos catro colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia, o SGDC, para completar a súa información, solicitou un informe da

Subdirección de Asistencia Sanitaria do SERGAS, que tivo entrada na Consellería de Facenda o 19 de maio de 2010.

**CUARTO.-** A primeira cuestión planteada, a sinatura do contrato para proporcionar a infraestrutura de comunicación das oficinas de farmacia cos colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia e o SERGAS coa compañía telefónica R, non constitúe en opinión deste Tribunal unha infracción das normas de competencia.

O Tribunal está de acordo co razoamento que fai o SGDC na súa proposta de arquivo, reforzado polo precedente da Resolución da Comisión Nacional da Competencia de 26 de febreiro de 2008 no expediente R 719/07 “Farmacéuticos Almería-Telefónica” no que se analizou un caso similar ao presente, referido á contratación da empresa Telefónica como operador único para o establecemento, en Almería, das conexións requiridas para a implantación do sistema de dispensación electrónica de medicamentos.

No caso que nos ocupa, como tamén no precedente citado, a elección do operador único está sustentado por razóns tanto técnicas como económicas. Ademais, os catro colexios de farmacéuticos de Galicia afirman que R foi seleccionada despois dunha comparación de ofertas con outra empresa de telefonía. A duración do contrato coa empresa R, que é de tres anos, constitúe, así mesmo, un factor relevante para descartar que a conduta analizada supoña un peche do mercado, pois se trata dun período de tempo razoable para levar adiante a implantación da receita electrónica e comprobar o correcto funcionamento da infraestrutura electrónica utilizada. A partir da conclusión do contrato con R, abrírase un novo período no que será posible introducir de novo elementos concorrenciais suficientes que continúen garantindo un funcionamento eficiente do mercado.

**QUINTO.-** A segunda cuestión planteada polo SGDC aos colexios de farmacéuticos denunciados entende este Tribunal que son requisitos meramente técnicos, necesarios para poder implantar o sistema de dispensación electrónica das receitas médicas e, por tanto, non son obxectables dende o punto de vista da competencia.

En efecto, a creación da rede colexial privada a través dunha RPV (Rede Privada Virtual) coa tecnoloxía de interconexión MPLS (Multiprotocol Label Switching) con información que viaxa mediante códigos cifrados do tipo IPsec (Internet Protocol security) é resultado da necesidade de establecer unha interconexión entre os ordenadores das oficinas de farmacia, os nodos colexiais e o distribuidor de información do SERGAS, de maneira que esa RPV permaneza illada de posibles interferencias externas e se garanta a seguridade nos contidos que se transmitan por ela, seguridade esixida con todo fundamento ao tratarse de datos de carácter íntimo, sen que caiba a menor dúbida da súa necesidade e xustificación. Por iso, o Tribunal considera que a creación desa RPV coas características indicadas non constitúe ningunha restrición á competencia no mercado.

**SEXTO.-** A terceira cuestión planteada polo SGDC resulta mais controvertida e, en opinión deste Tribunal, no caso de confirmarse a conduta seguida polos colexios oficiais de farmacia denunciados coa achega da información que mais adiante se refire, podería constituír un ilícito concorrencial ex artigo 1 da LDC.

En opinión do Tribunal, o mercado relevante de produto neste caso sería a adquisición de medicamentos e outros artigos distribuídos polas oficinas de farmacia, entre eles os produtos de parafarmacia, onde os oferentes son as casas intermediarias distribuidoras dese tipo de produtos ou directamente os fabricantes dos mesmos, e os demandantes serían as oficinas de farmacia que necesitan repoñer as súas existencias para continuar o seu labor de



distribución retalista de medicamentos e outros artigos de venda habitual nas farmacias.

O mercado relevante xeográfico sería toda Galicia, que comprende, segundo información dos colexios de farmacéuticos, 1.318 oficinas de farmacia abertas na Comunidade Autónoma.

A práctica hipoteticamente restritiva por parte dos colexios oficiais de farmacia, pendente de confirmarse a súa inadecuación ás normas de competencia de acordo coas pescudas indicadas mais adiante, consistiría nun acordo que, tendo por obxecto, mesmo sen ser de xeito intencionado, produce ou pode producir o efecto de restrinxir a competencia no mercado relevante definido nos parágrafos anteriores, limitando a distribución dos artigos que as oficinas de farmacia adquiren para a súa posterior venda retalista, mediante a selección e difusión a través do sistema electrónico de interconexión creado para a dispensación da receita electrónica de páxinas web con contidos sobre eses medicamentos ou produtos de parafarmacia.

Desde esa perspectiva, non sería necesario analizar os efectos concretos sobre o mercado da conduta así descrita, aínda que claramente serían restritivos, pois o Tribunal estima que se trata dunha comportamento ilícito *per se*, é dicir, que pola súa propia natureza constitúe unha violación do disposto nas normas de competencia.

Pero, aínda entrando na determinación dun posible balance concorrencial, o resultado sería que predominarían os efectos anticompetitivos. O mercado afectado é sen dúbida importante, pois a RPV creada para a dispensación da receita electrónica constitúe unha canle privilexiada de comunicación coas oficinas de farmacia. É certo que as farmacias poden instalar outro ordenador para establecer conexións libres con acceso a Internet e todo tipo de páxinas web, pero, por unha parte, iso esixe novas instalacións informáticas e de

comunicación, o que resulta custoso, e, por outra parte, require cambiar dun ordenador para outro cando se queren efectuar determinadas operacións, o que é claramente incómodo, de xeito que a tendencia será utilizar de maneira principal e prioritaria o ordenador onde está instalada a RPV co sistema de interconexión para a dispensación electrónica de receitas que, progresivamente, se irá estendendo e xeneralizando ata constituír o sistema fundamental de dispensación. Dese modo, a utilización desa canle privilexiada por parte dos colexios de farmacéuticos limitando o acceso a certas empresas de medicamentos constitúe unha restrición no mercado que non pode compensarse con outras eventuais vantaxes derivadas da posta disposición desa información nas oficinas de farmacia.

O Tribunal considera que, aínda insistindo de novo na necesidade de profundar nas condicións en que se produce esta conduta, se dan os requisitos básicos para aplicar as prohibicións do artigo 1 á selección e difusión de páxinas web por parte dos catro colexios de farmacéuticos de Galicia: en primeiro lugar, de acordo coa doutrina amplamente reiterada, os colexios profesionais poden considerarse operadores económicos con capacidade para afectar o mercado e están suxeitos ao cumprimento das normas de competencia, excepto cando realizan actos administrativos xenuínos resultantes da estrita aplicación dunha norma con rango de lei, circunstancia que non se produce no presente caso; en segundo lugar, confírmase neste procedemento a existencia dunha pluralidade de vontades, constituída polos catro colexios oficiais de farmacéuticos, orientada á formación dun pacto; en terceiro lugar, dito pacto estaría suficientemente probado, á espera das probas definitivas que debe achegar o SDGC ao expediente, e, en principio, non é negado por ningunha das partes implicadas; finalmente, o acordo entre os catro colexios de farmacéuticos, do que se deriva unha conduta homoxénea nas catro provincias galegas, sería apto para restrinxir a competencia no mercado relevante previamente definido.

O Tribunal considera que, en principio, non poden aplicarse a esta conduta hipoteticamente anticompetitiva as exencións da alínea 3 do artigo 1 da LDC referente a que o acordo acadado contribuíra a mellorar a distribución dos bens comercializados nas oficinas de farmacia, porque este Tribunal considera que non se cumpre o requisito sinalado no apartado b) desa mesma alínea nin tampouco o apartado c), referentes respectivamente á imposición ás empresas interesadas de restricións que non sexan indispensables para a consecución dos obxectivos propostos ou que non consintan ás empresas partícipes a posibilidade de eliminar a competencia respecto dunha parte substancial dos produtos contemplados.

Tampouco pode considerarse neste caso unha posible inaplicación do artigo 1 vía artigo 4 da LDC, e dicir, por tratarse dunha conduta exenta por lei, pois tanto as normas xenéricas reguladoras da receita electrónica como o “Protocolo de actuación asinado entre a Consellería de Sanidade, o SERGAS e os colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia para a posta en marcha do proxecto de receita electrónica en Galicia” ou o Decreto 206/2008, do 28 de agosto, de receita electrónica, así como no resto de documentos utilizados para a implantación da receita electrónica non establecen ningunha necesidade nin esixencia de difusión discrecional de páxinas web na RPV creada entre as oficinas de farmacia, os colexios de farmacéuticos e o SERGAS; aínda sen tomar en consideración que o referido artigo 4 da LDC exclúe da aplicación do artigo 1 unicamente ás condutas amparadas por unha norma con rango de lei, ao tempo que sinala na súa alínea 2 que as prohibicións do artigo 1 se aplicarán a situacións de restrición da competencia que se deriven do exercicio doutras potestades administrativas ou sexan causadas pola actuación dos poderes públicos ou as empresas públicas sen dito amparo legal.

Alén do anterior, o Tribunal non considera que a selección e distribución de certas páxinas web na RPV para a dispensación da receita electrónica sexa un resultado necesario e proporcionado da obrigatoriedade de preservar a

seguridade no sistema. Esta é unha das cuestións que o SGDC debe analizar con maior profundidade. Obviamente a maior seguridade obteríase eliminando calquera acceso fora estritamente da interconexión efectuada a través da RPV coa tecnoloxía MPLS, que por definición está completamente illada do resto de posibles conexións externas.

O Tribunal estima que tampouco pode aplicarse neste caso o disposto no artigo 5 da LDC referente á inaplicación das prohibicións dos seus artigos 1 a 3 ás condutas que pola súa escasa importancia non sexan capaces de afectar de xeito significativo á competencia porque, por unha parte, xa se indicou que o Tribunal considera que, no caso de se confirmaren os termos e circunstancias da conduta analizada, se trataría dunha prohibición *per se* ex artigo 1 da LDC e, por outra parte, aínda no suposto de entrar na análise dos posibles efectos da conduta, o mercado relevante afectado sería superior ao disposto no artigo 1º do Regulamento de Defensa da Competencia aprobado polo RD 261/2008, do 22 de febreiro, e, en consecuencia, non se podería ter en conta a exención contemplada no mesmo.

De igual modo, o Tribunal considera que non se pode invocar neste caso o principio de confianza lexítima pois como xa se indicou mais arriba a actuación da Administración está claramente especificada no Protocolo e no Decreto 261/2008 antes referidos nos que non se contén ningunha referencia explícita á necesidade, esixencia ou recomendación de distribuír páxinas web a través da RPV creada para a implantación da receita electrónica.

Tendo en conta o anterior, resulta necesario que o SGDC efectúe unha indagación detallada dos seguintes aspectos a fin de cualificar xuridicamente a conduta dos colexios oficiais de farmacéuticos en relación coa selección e distribución de páxinas web a través da RPV establecida para a dispensación electrónica das receitas médicas:

- Número, nome, e características (contido, tipo de produtos comercializados, tipoloxía da páxina, etc...) das páxinas web que solicitaron nos catro colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia a súa difusión a través da RPV creada para a dispensación electrónica das receitas médicas.

- Requisitos concretos esixidos polos catro colexios de farmacéuticos de Galicia aos solicitantes para dar cumprimento aos principios de universalidade, profesionalidade, seguridade e eficacia que, de acordo coa declaración dos propios colexios, aplican na selección das devanditas páxinas web segundo o contido da “Política de seguridade” elaborada e consensuada polos colexios de farmacéuticos o 5 de febreiro de 2010.

- Cáles desas solicitudes foron autorizadas e cáles rexeitadas, con indicación da difusión que se permite a cada unha delas (ámbito provincial ou autonómico). En relación co anterior, identificación de todas as páxinas autorizadas en cada un dos colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia.

- Órganos dos colexios oficiais que tomaron a decisión de autorizar ou denegar a difusión das referidas páxinas web.

- Tipoloxía dos produtos que se comercializan a través das páxinas web autorizadas para a súa difusión a través da RPV creada.

- Modalidades de acceso a esas páxinas web.

- Indicación de se pode establecerse ou non conexión directa con esas páxinas web desde os ordenadores que utilizan as oficinas de farmacia para a dispensación electrónica da receita médica.

**SÉTIMO.-** O cuarto aspecto planteado polo SGDC aos colexios de farmacéuticos, en opinión do Tribunal, é unha cuestión en parte ligada aos

requisitos de seguridade no tratamento da información que debe ter o sistema de dispensación electrónica das receitas médicas e, en parte, coa posibilidade de establecer comunicacións para adquirir medicamentos e outros produtos de parafarmacia por parte das oficinas de farmacia, de maneira que este aspecto pode ter incidencia sobre as condicións da competencia no mercado definido no Fundamento xurídico anterior.

Do mesmo xeito que no caso da difusión das páxinas web, a maior seguridade da RPV creada entre as oficinas de farmacia, os colexios de farmacéuticos e o SERGAS conseguiríase coa ausencia total de conexións externas pero, do mesmo modo que os colexios de farmacéuticos introduciron unha excepción a ese principio de seguridade mediante autorización de páxinas web de acordo cos criterios de confianza por eles mesmos determinados, tamén sería posible establecer conexións entre distintas oficinas de farmacia ou entre estas con operadores externos que se considerasen suficientemente seguros de acordo cos criterios colexiais.

Non entra nas competencias deste Tribunal determinar cál debe ser o nivel de seguridade que debe manterse para preservar a información confidencial que se manexa dentro do sistema de dispensación electrónica das receitas, pero é indubidábel que os posibles efectos sobre a competencia deben ponderarse co criterio de mantemento de máxima seguridade no tratamento da información que circula pola RPV, sendo certo que en todo caso deben aplicarse criterios homoxéneos tanto no suposto de que fose admisible a autorización de difusión de páxinas web alleas á RPV creada como para permitir os contactos internos ou externos a esa rede, de xeito que ámbalas dúas decisións deben ir unidas para non ser discriminatorias nin afectar de xeito heteroxéneo a uns competidores respecto de outros.

En conclusión, o Tribunal estima que o SGDC debe analizar con maior profundidade as relacións e implicacións do establecemento de conexións das

oficinas de farmacia con outros ordenadores dentro da RPV creada para a dispensación electrónica de receitas médicas, así como con outros ordenadores externos a esa rede, poñendo esa análise en relación cos resultados do exame das implicacións relativas á difusión de páxinas web na RPV creada e de acordo ás indicacións referidas no Fundamento SEXTO desta Resolución.

**OITAVO.-** Por todo o anterior, este Tribunal estima que non se pode considerar probado que non existan indicios de condutas anticompetitivas neste caso e, en consecuencia, procede rexeitar a proposta de arquivo e instar ao SGDC para que realice unha indagación obxectiva en liña co indicado nos Fundamentos SEXTO e SÉTIMO anteriores e todas as demais probas que sexan precisas ata a completa cualificación xurídica deste asunto.

Vistos os preceptos citados e os demais de xeral aplicación, este Tribunal

## **RESOLVE**

**PRIMEIRO.-** Rexeitar a proposta de non incoación de procedemento sancionador e declarar que non se deben archivar as actuacións iniciadas con motivo da denuncia presentada o 15 de decembro de 2009 contra os colexios oficiais de farmacéuticos da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra por presuntas prácticas contrarias á Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia suscitadas en relación coa implantación do modelo de receita electrónica en Galicia.

**SEGUNDO.-** O Tribunal considera que o SGDC debe analizar en detalle as circunstancias en que se produce a selección e autorización de páxinas web por parte dos colexios oficiais de farmacéuticos da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra para a súa posta a disposición das oficinas de farmacia de Galicia

e difusión a través da rede de comunicación virtual creada para a dispensación electrónica de receitas do sistema público de saúde, poñendo en relación esa análise coas características técnicas esixibles para manter o grao de seguridade requirido polo tipo de información transmitida a través de dita rede e, unha vez completada esa análise e efectuada a cualificación xurídica pertinente, proceda se for preciso á apertura formal dun expediente pola práctica dun ilícito concorrencial contrario ao establecido na vixente Lei de defensa da competencia.

En particular, o SGDC debe achegar ao expediente a información seguinte:

- Número, nome, e características (contido, tipo de produtos comercializados, tipoloxía da páxina, etc...) das páxinas web que solicitaron nos catro colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia a súa difusión a través da RPV creada para a dispensación electrónica das receitas médicas.
  
- Requisitos concretos esixidos polos catro colexios de farmacéuticos de Galicia aos solicitantes para dar cumprimento aos principios de universalidade, profesionalidade, seguridade e eficacia que, de acordo coa declaración dos propios colexios, aplican na selección das devanditas páxinas web segundo o contido da “Política de seguridade” elaborada e consensuada polos colexios de farmacéuticos o 5 de febreiro de 2010.
  
- Cáles desas solicitudes foron autorizadas e cáles rexeitadas, con indicación da difusión que se permite a cada unha delas (ámbito provincial ou autonómico). En relación co anterior, identificación de todas as páxinas autorizadas en cada un dos colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia.
  
- Órganos dos colexios oficiais que tomaron a decisión de autorizar ou denegar a difusión das referidas páxinas web.



- Tipoloxía dos produtos que se comercializan a través das páxinas web autorizadas para a súa difusión a través da RPV creada.

- Modalidades de acceso a esas páxinas web.

- Indicación de se pode establecerse ou non conexión directa con esas páxinas web desde os ordenadores que utilizan as oficinas de farmacia para a dispensación electrónica da receita médica.

**TERCEIRO.-** O Tribunal considera igualmente necesario que o SGDC profunde na investigación dos requisitos técnicos e as consecuencias prácticas da restrición imposta polos colexios oficiais de farmacéuticos denunciados sobre a posibilidade de conexión dos ordenadores instalados nas oficinas de farmacia para a dispensación electrónica de medicamentos con outras redes e, de xeito similar ao indicado no punto anterior, efectúe a cualificación xurídica que considere procedente e determine se, por esa causa, estima necesario iniciar un expediente sancionador.

Comuníquese esta Resolución ao Servizo Galego de Defensa da Competencia, e notifíquese aos interesados, informándoos de que contra ela non cabe recurso algún, sen prexuízo dos actos que procedan cando este Tribunal dite Resolución definitiva.